

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**12486** *Real decreto 1391/2012, do 5 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, sobre a aplicación a partir de 2012 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.*

O Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, sobre a aplicación a partir de 2012 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, no seu título V desenvolve as axudas específicas por aplicación do artigo 68 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1290/2005, (CE) n.º 247/2006, (CE) n.º 378/2007 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

Dentro deste marco, o artigo 26 do dito real decreto débese modificar porque para a campaña 2012 se aprobou a Decisión de execución da Comisión Europea, do 22 de xuño de 2012, relativa ao período de retención aplicable con respecto á prima por vaca nutriz concedida en España en 2012, que permite acurtar a 5 meses o período de retención da vaca nutriz en España.

Entre os programas nacionais que se recollen no dito real decreto figura o Programa nacional para fomento de actividades agrícolas específicas que reporten maiores beneficios agroambientais en determinadas especies do sector dos froitos de casca e que, segundo a disposición adicional única, a súa aplicación queda condicionada á súa aprobación pola Comisión Europea. A Decisión de execución da Comisión Europea do 25 de maio de 2012, pola que se aproba o Programa nacional relativo aos froitos de casca, require modificar o importe das axudas para que o citado programa nacional teña plena validez.

Tamén se inclúen certos requisitos de cultivo que deben cumprir os produtores para recibiren a axuda do Programa nacional para o fomento da calidade da remolacha azucreira, respecto das prácticas agronómicas adecuadas en materia de emprego de semente, tratamentos fitosanitarios e de fertilización, así como de fornecemento de auga, seguindo, neste sentido, o criterio posto de manifesto pola Comisión da Unión Europea. Así mesmo, reintrodúcense unhas obrigas de contabilidade e información para as industrias azucreiras que xa eran obrigatorias en campañas anteriores e que por erro se eliminaron do Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro.

O Real decreto 1363/2012, do 28 de setembro, polo que se regula o recoñecemento das organizacións de produtores de leite e das organizacións interprofesionais no sector lácteo e se establecen as súas condicións de contratación, establece a obrigatoriedade de realizar contratos por escrito nas transaccións realizadas no sector. Así pois, dado que a obrigatoriedade deses contratos terá un carácter xeral, non se aplicará o requisito recollido no artigo 60.2.d) para o vacún de leite, en virtude do cal se exige ter un contrato en vigor para a subministración de leite cru, para a solicitude de axudas de 2012 e de 2013.

O artigo 65 modifícase para reducir a cinco meses o período de retención, pois cando se fixaron os requisitos para esta axuda determinouse a mesma duración do período de retención que se establecera para a prima por vaca nutriz. A modificación da dita duración para a prima por vaca nutriz, polas razóns explicadas no artigo 26, fai necesaria a modificación da duración do período de retención para este pagamento, nos mesmos termos que os recollidos para a vaca nutriz, xa que a existencia de períodos de retención diferentes complicaría a xestión de forma considerable.

No artigo 97 modifícanse diversas datas respecto dos prazos en que as comunidades autónomas remitirán a información. No referente á axuda ao algodón, ao atrasarse o cálculo do importe unitario, non cómpre recibir información en 30 de outubro e pódese deixar a data que establece a regulamentación comunitaria. E, respecto á axuda para compensar as desvantaxes específicas que afectan os agricultores do sector ovino, a que se refire a sección 4.<sup>a</sup> do capítulo 2 do título V, cómpre atrasar a data de envío da información necesaria para o cálculo do importe unitario desta axuda, xa que na data establecida actualmente aínda non finalizara o período de cumprimento dos requisitos establecidos para a súa percepción e, por tanto, a información remitida nese momento non era completa.

Finalmente, modifícase o anexo I para incluír no número IV.3 a mención ao artigo 66 do Regulamento (CE) n.º 1122/2009 da Comisión, do 29 de outubro de 2009, que por erro non estaba incluído no Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de outubro de 2012,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, sobre a aplicación a partir de 2012 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.*

O Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, sobre a aplicación a partir de 2012 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, queda modificado como segue:

Un. O primeiro parágrafo da letra c) do número 1 do artigo 26 substitúese polo seguinte:

«c) Respetar o período de retención correspondente, para o cal o produtor deberá ter mantido na súa explotación, durante polo menos seis meses sucesivos a partir do día seguinte ao da presentación da solicitude, un número de vacas nutrices polo menos igual ao 60 por cento do número total de animais polo cal se solicita a prima e un número de xovencas que non supere o 40 por cento do citado número total. Calquera variación do número de animais obxecto de solicitude, incluído o seu traslado, deberá ser comunicado polo solicitante á autoridade competente na forma en que esta determine.

Non obstante o anterior, para a campaña 2012 a duración do período de retención será de cinco meses, de conformidade coa Decisión de execución da Comisión Europea, do 22 de xuño de 2012, que autoriza a España para acurtar o período de retención da prima por vaca nutriz na dita campaña.».

Dous. O número 1 do artigo 44 queda redactado como segue:

«1. De conformidade co establecido no artigo 68.2.a).i) do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, a contía das axudas para cada unha das actividades agrícolas subvencionables fíxase no mesmo importe. Non obstante, establécese unha diferenza, en función da pendente media Sixpac, cos seguintes importes:

- a) Para plantacións en parcelas ou, se é o caso, recintos cunha pendente media Sixpac superior ou igual ao 10 por cento: 103 euros por hectárea.
- b) Resto de plantacións: 84 euros por hectárea.».

Tres. O artigo 58 queda modificado como segue:

a) Engádese unha letra d) ao número 1, co seguinte contido:

«d) Os produtores de remolacha realizarán as prácticas agronómicas adecuadas en materia de emprego de semente, tratamentos fitosanitarios e de fertilización, así como de fornecemento de auga, dirixidas a mellorar a calidade, se é o caso, no marco dun programa de asesoramento técnico especializado promovido polas organizacións de produtores, a industria azucreira ou a Administración pública.».

b) Engádese un número 3, co seguinte contido:

«3. As industrias azucreiras deberán levar un rexistro contable específico das entregas para cada agricultor co cal teñan establecido un contrato de subministración, responderán da veracidade dos datos de cada entrega previstos no número 1.b) e poranos á disposición das autoridades competentes.

Antes do 15 de abril seguinte ao ano da solicitude, as industrias azucreiras que transformen remolacha ou cana de azucre mediante contrato para producir azucre de cota enviarán á autoridade competente unha relación de todos os produtores e as entregas en quilos que cumpran os requisitos do número 1.b). A comunidade autónoma receptora dos datos anteriores remitirá á autoridade competente que corresponda a información relativa a datos das solicitudes únicas non presentadas no seu ámbito territorial.».

Catro. O artigo 60.2.d) queda sen contido.

Cinco. O número 1 do artigo 65 substitúese polo seguinte:

«1. Os pagamentos concederanse aos agricultores, teñan ou non dereitos de prima por vaca nutriz dos mencionados no artigo 26.1.a), polas vacas nutrices que manteñan durante o período de retención, que será de, polo menos, seis meses sucesivos a partir do día seguinte ao da presentación da solicitude. Non obstante o anterior, para a campaña 2012 a duración do período de retención será de cinco meses e a determinación da carga gandeira, para efectos deste artigo, calcularase tendo en conta a media de cinco días, considerando o primeiro día de cada mes do período de retención.

Non se admitirá un número de xovencas superior ao 40 por cento do número total de animais obxecto de subvención.».

Seis. O artigo 97 queda modificado como segue:

a) O número 1 substitúese polo seguinte:

«1. Información xeral. Antes do 15 de agosto do ano de presentación da solicitude, e antes do 25 de xaneiro e do 15 de xullo do ano seguinte, a información segundo se establece no artigo 4, número 1, letras a), c) e e), do Regulamento (CE) n.º 1121/2009 da Comisión, do 29 de outubro de 2009.».

b) A letra m) do número 2 substitúese pola seguinte:

«Respecto á axuda para compensar as desvantaxes específicas que afectan os agricultores do sector ovino a que se refire a sección 4.ª do capítulo 2 do título V co fin de compensar as desvantaxes específicas ligadas á viabilidade económica:

- Antes do 15 de setembro, as listaxes a que se refire o artigo 72.3.

Ademais, nas campañas 2012 e 2013, para calcular o importe unitario mencionado no artigo 72:

- Antes do 20 de marzo do ano seguinte ao de presentación da solicitude, número total de solicitudes aceptadas para o pagamento e número de animais con dereito a pagamento.».

Sete. O último parágrafo do número IV.3 do anexo I substitúese polo seguinte:

«De acordo co número 3 artigo 16 do Regulamento (CE) n.º 1122/2009 da Comisión, do 29 de outubro de 2009, debe figurar na solicitude a declaración do produtor en que afirme que é consciente de que os animais para os que se comprobouse que non están correctamente identificados ou rexistrados no sistema de identificación e rexistro poderán contar como animais respecto dos cales se detectaron irregularidades, segundo se recolle nos artigos 65, 66 e 69 do Regulamento (CE) n.º 1122/2009 da Comisión, do 29 de outubro de 2009.».

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de outubro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE